



# PLAN DIXITAL

## CEIP Plurilingüe Vista Alegre

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- **Tipo de centro:** Público
- **Denominación oficial:** CEIP Plurilingüe Vista Alegre
- **Código do centro:** 27015751
- **Provincia:** Lugo
- **Enderezo:** Rúa Mestre Don Camilo S/N
- **Código Postal:** 27880
- **Teléfono:** 982870116
- **CIF:** Q7755086A
- **Dirección de correo electrónico:** [ceip.vista.alegre@edu.xunta.gal](mailto:ceip.vista.alegre@edu.xunta.gal)
- **Páxina Web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/>

A plantilla do Colexio está formada por 25 profesores/as con destino definitivo, 5 con destino provisional e 1 profesor de relixión, adscritos como segue:

- 8 profesores de E. Infantil
- 13 profesores de E. Primaria
- 2 especialista en P.T.
- 2 especialista en Inglés.
- 1 especialista de A.L.
- 1 especialista en Ed. Musical.
- 1 especialista de Francés.
- 2 especialista en Ed. Física.
- 1 Orientador
- 1 profesor de Relixión

Actualmente o centro conta con 329 alumn@s.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe Vista Alegre está ubicado na Rúa Mestre Don Camilo s/n en Burela. O Concello de Burela está situado ao norte de Galicia, na provincia de Lugo, cun territorio de 8,2 km<sup>2</sup>. no que se asentan ao redor de 10.000 habitantes. Dista da capital da provincia 106 km. e da capital de Galicia, Santiago de Compostela, 177 km. As súas coordenadas xeográficas, 3° 41' 20 " ' de lonxitude oeste do meridiano de Madrid e 43° 39' 29 " ' de latitude norte, sitúana nun dos lugares máis setentrionais da península. Limita ao norte e ao leste co mar Cantábrico, polo sur co Concello de Foz e ao oeste co Concello de Cervo.

O concello oferta actividades culturais e deportivas nos colexios tanto en horario lectivo como fóra do mesmo, polas tardes nos centros educativos así como nas distintas instalacións deportivas e culturais que posúe o concello.

O Concello de Burela experimentou un crecemento demográfico e económico espectacular nos últimos 25 anos, chamando a atención que a metade das familias dos alumnos do centro levan menos de 20 anos residindo na vila sendo unha gran porcentaxe dos pais de fóra da mesma, e estando a unidade familiar formada unicamente por pais e fillos.

O nivel económico que corresponde ás familias do alumnado deste centro podémolo encadrar na clase media, aínda que se empezou a notar con forza a crise económica.

A ocupación do poboación de Burela podémola agrupar en tres partes: unha parte traballa no sector primario (na actividade pesqueira), xa que Burela conta cun dos portos pesqueiros máis importantes da cornixa cantábrica; outra parte traballa no sector secundario, sobre todo na construción e na industria (principalmente en Alcoa, situada nun concello próximo, pero tamén nun lavadoiro de caolín, Burelarte, e nun elevado número de talleres para vehículos pesados e lixeiros); e outra parte (unha elevada porcentaxe) traballa no sector servizos, xa que Burela conta cun Hospital Comarcal, ademais de institutos, bancos, comercios e outros servizos. Neste último ano empeza a notarse, en algúns sectores, o paro laboral.

En canto ó nivel de estudos dos pais, este non é moi elevado. A metade teñen unicamente estudos primarios, o 31% estudos medios e unicamente o 14% teñen estudos universitarios.

En relación á diversidade de procedencia das familias dos nosos alumnos (outras zonas de Galicia e de España, Cabo Verde, Perú, Colombia, Brasil, Uruguai, Rumanía, Bulgaria, Francia, Senegal, Marrocos, Portugal) danos unha grande diversidade de culturas, intereses, razas, lingüísticas, inquedanzas... que, sendo moi enriquecedor, tamén é a orixe de multitude de conflitos, diversidade de intereses, de actitudes, de aptitudes, de situacións socio-económicas, emocionais... que debemos resolver da forma máis axeitada posible. Este alumnado supón o 24% do alumnado total matriculado no colexio.

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.

A ANPA do centro, amosa disposición de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan desde o centro.

Dende o Proxecto Educativo de centro deféndese a necesidade de introducir ás novas tecnoloxías no día a día da aula. Consecuentemente, o centro conta con tres proxectos de vinculación estreita coas TIC: E-Dixgal, Radio na Biblio e eTwinning. Co proxecto E-Dixgal o alumnado de 5º e 6º de Educación primaria contan con libros dixitais, potenciando así a súa competencia en habilidades informacionais. No recente curso, comezamos con Radio na Biblio, unha ferramenta pedagóxica que involucra a toda a comunidade educativa e que é un tamén un medio de difusión e un escaparate do noso centro. Asemade, eTwinning ofrécenos unha plataforma cos que comunicarnos cos centros europeos participantes do noso proxecto Erasmus+: "Friends for our Planet". Tamén destaca o emprego da nosa Aula Virtual como ferramenta pedagóxica e organizativa de centro.

A maiores, o noso centro pertence a Rede DixitalGal, o que supón que contamos coa axuda cercana e inmediata do noso asesor dixital do centro.

Con todo, é preciso mellorar a formación de todo o claustro no que o desenvolvemento do Plan Dixital tivo un papel fundamental, xa que grazas a el realizouse unha análise do nivel tecnolóxico

do centro que permitiu establecer obxectivos a acadar neste senso.

Con perspectivas de futuro, para o próximo curso contamos con incluír na propia Programación Xeral Anual actividades desenvoltas nun entorno dixital, tanto en equipamento como en inmobiliario, que permitan acadar os obxectivos establecidos nos Plans de Accións. Ademais, dentro dos programas educativos esperamos poder contar coa creación de Polos Creativos, así como co desenvolvemento de PFPP que continúen ca liña de formación dixital iniciada co Plan Dixital.

Consecuentemente, será necesario nomear un coordinador/a do Plan Dixital que conste na propia PXA, igual que figuran outros perfís como o de Coordinador do equipo TIC.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Seguindo a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, elabórase ao longo deste presente curso, o documento aquí deseñado.

### 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación a realizarse en base á información recollida dos informes de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE. No segundo trimestre fixémoslo a modo

individual grazas ao Test CDD, para así iniciar coa fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro dispón da rede corporativa sen fíos "edu.xunta.es" e "ABALAR" en toda a súa extensión grazas á recente solicitude e posterior instalación seguindo o protocolo CXR 008. Tamén se fixo o cambio á Fibra de alta velocidade de Movistar. Dispoñemos de 5 liñas de voz: Dirección, Secretaría, Orientación, Profesorado 1 e Profesorado 2.

En cada aula, o profesorado dispón dun PC portátil coa Maqueta Abalar 20.2, agás nas aulas E-Dixgal, nas que o profesorado emprega a Maqueta Abalar 8, así como o alumnado, tanto en 5º como en 6º. Dispoñemos, ademais, de tres PC de sobremesa en Conserxería de uso común para a impresión de documentos, conectados en rede con 3 fotocopiadoras. Tamén están os PC de sobremesa de Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación, AL, PT, Biblioteca e Sala de Mestres. Na actualidade temos en funcionamento a Aula de Informática con 15 ordenadores obsoletos funcionando coa Maqueta Abalar Lixeira.

O medio de difusión principal do centro educativo é a páxina web. Nela, as familias poden acceder dunha forma directa e sinxela á información recente do seu interese, como procesos de matriculación, fondo libros, solicitudes de admisión, etc. Tamén, a nosa web é punto de acceso para o profesorado e alumnado á Aula Virtual, a cal empregamos para subir materiais educativos, proxectos compartidos polo profesorado e alumnado, enlaces ás videoconferencias de Webex, etc. Recentemente activamos tamén a nosa páxina de Agueiro, e será empregada no futuro para subir máis materiais e contidos para o acceso de toda a comunidade educativa. En 5º e 6º dispoñemos de E-Dixgal, e o profesorado e o alumnado empregan esta plataforma para a realización de actividades e as comunicacións bidireccionais. Certo profesorado emprega o espazo Abalar para a descarga de materiais e contidos así como o Coordinador TIC o emprega para descargar as Maquetas Abalar máis recentes. Abalar Móbil e AbalarPro son ferramentas de uso cotián e moi empregadas entre o profesorado e tamén coas familias, xa que é a principal canle de comunicacións, avisos e solicitudes de titorías. Na etapa de Educación Infantil tamén empregan o ClassDojo, baixo autorización previa das familias.

O mantemento dos equipos dixitais do noso centro está realizado principalmente polo Coordinador TIC, quen fai unha primeira avaliación do estado dos equipos e atende aos reportes do profesorado ou alumnado en referencia a problemas, dúbidas ou incidencias técnicas. Se o problema persiste ou non ten solución por parte do centro, este comunícase coa UAC e abre incidencia para o seu seguimento e posterior soporte.

Enlaces aos Plans de Comunicación do centro:

[https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/aulavirtual/pluginfile.php/6957/mod\\_resource/content/1/Plan%20de%20comun%20interna.pdf?redirect=1](https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/aulavirtual/pluginfile.php/6957/mod_resource/content/1/Plan%20de%20comun%20interna.pdf?redirect=1)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvistaalegre/system/files/Plan%20de%20comun%20externa.pdf>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE (páxina 4 do Informe SELFIE)

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	2.7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.8
	Alumnado	4.2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.5
	Profesorado	3
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.2
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.4
	Profesorado	3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.5

## Autoavaliación do Test CDD (táboas)

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	22	24	91,7%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	1	2	50%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	3	3	100%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,5%	Integrador/a (B1)	76,4%	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	61,9	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	88	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,1%
A2	12	37,5%
B1	9	28,1%
B2	4	12,5%
C1	5	15,6%
C2	1	3,1%
TOTAL	32	99,9%



### 2.3. 2.3 Análise DAFO

#### DAFO do CEIP Plurilingüe Vista Alegre partindo da análise cuantitativa e cualitativa do Informe SELFIE.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No noso centro existen algúns dispositivos dixitais que podo utilizar na miña labor docente.</li> <li>- No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando os necesite.</li> <li>- O noso profesorado utiliza tecnoloxías para avaliar as actividades do alumnado.</li> <li>- O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación do alumnado.</li> <li>- O software instalado nos equipos funciona correctamente.</li> <li>- A resolución de incidencias é efectiva internamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O noso alumnado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre o seu aprendizaxe.</li> <li>- O noso profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos compañeiros.</li> <li>- O Equipo Directivo descoñece a normativa de adquisición de equipamento informático para os centros educativos.</li> <li>- No noso centro a infraestrutura dixital non respalda o ensino nin a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.</li> <li>- O noso equipo directivo non se asegura de que os alumnos desenrolen actividades dixitais para diferentes materias.</li> <li>- No noso centro non hai dispositivos portátiles administrados en propiedade do centro que o alumnado pode levar á casa cando sexa necesario.</li> <li>- No noso centro non temos medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</li> <li>- No noso centro non temos un plan para axudar ao profesorado a afrontar os desafíos que xorden coa aprendizaxe mixta relacionados coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</li> <li>- No noso centro os espazos físicos non facilitan o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso a tecnoloxías asistenciais.</li> <li>- O centro non permite o uso de equipos dixitais propiedade do alumando.</li> </ul>

<p><b>PERSOAL DOCENTE</b></p>	<p>O persoal docente considera que utiliza tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensinanza ás necesidades individuais do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizo tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.</li> <li>- Realizo actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado ocasionalmente.</li> <li>- O equipo directivo potencia novas formas de ensinanzas con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Utilizo tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado ocasionalmente.</li> <li>- A maioría do profesorado considera que participa en actividades formativas individuais organizadas pola Administración Educativa para a actualización das competencias dixitais do profesorado.</li> <li>- Busco recursos educativos dixitais en internet, porque son de fácil acceso e a rede ofrece numerosos recursos de calidade e xa elaborados.</li> <li>- Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino.</li> <li>- Utilizo contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado.</li> <li>- Utilizo tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo (por exemplo abalar), debido á inmediatez da chegada das mensaxes e ao aforro de soportes físicos. Hai que ter en conta que a situación de confinamento derivada da pandemia acelerou a formación do profesorado e das familias no seu emprego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O noso profesorado non realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado.</li> <li>- O noso profesorado non utiliza tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</li> <li>- O noso profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Non fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</li> <li>- No noso centro o persoal docente non avalía os seus progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, causado pola escasa formación sobre o proceso de avaliación das TIC e falta de tempo.</li> <li>- O profesorado considera que non obtén retroalimentación e apoio á hora de manter a seguridade ao empregar a tecnoloxía.</li> <li>- O profesorado considera que lle adica pouco tempo á ensinanza dixital e que non se adapta ao uso da mesma.</li> <li>- O equipo directivo non axuda a intercambiar experiencias dentro do centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O profesorado non fai un uso activo da aula virtual do centro educativo.</li> <li>- Non hai creación de recursos dixitais.</li> <li>- O profesorado non incorpora tecnoloxías dixitais para a avaliación.</li> </ul>
-------------------------------	---	--

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizo recursos educativos abertos.</li> <li>- O persoal docente considera que é seguro á hora de empregar a tecnoloxía á hora de preparar as clases, impartilas e comunicarse co alumnado e familias.</li> <li>- Equipo directivo e profesorado debaten sobre as necesidades DPC (desenvolvemento profesional continuo) no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Temos acceso a posibilidades do DPC (desenvolvemento profesional continuo) no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O persoal docente ten estabilidade laboral.</li> <li>- O profesorado non participa en redes colaborativas profesionais.</li> <li>- Utilizamos recursos dixitais para observar e documentar os progresos.</li> <li>- A práctica docente intenta transformarse co emprego de recursos dixitais.</li> <li>- Existen iniciativas frecuentes para afrontar as necesidades de formación profesional continua do profesorado.</li> <li>- O profesorado pretende adoptar innovacións educativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non se promocionan innovacións educativas entre o profesorado. O profesorado non participa da autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.</li> <li>- O profesorado non emprega dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía nin do uso de recursos dixitais.</li> <li>- O noso profesorado non facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais. .</li> <li>- A maioría do profesorado sinala a necesidade de desenvolver PFPP en tecnoloxías dixitais, aínda que a participación nos mesmos depende do nivel de esixencia e intereses persoais, das escasas posibilidades de formación na contorna e o que require a práctica docente.</li> <li>- O persoal docente non conta co tempo suficiente para explorar novos métodos de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais, debido á sobrecarga de traballo durante o horario lectivo, en parte provocada pola falta de profesorado e os labores burocráticos esixidos dende a administración.</li> </ul>
<p><b>PERSOAL NON DOCENTE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O persoal non docente ten estabilidade laboral.</li> </ul>	

ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado considera que pode facer seguimento das súas tarefas a través da Aula Virtual ou de EVA de Edixgal.</li> <li>- O alumnado considera que lle chegan ben as notificacións de Abalar a eles ou ás súas familias.</li> <li>- O alumnado é coñecedor das vantaxes que proporciona o Software Libre.</li> <li>- O alumnado emprega máis dunha hora ao día ao uso da tecnoloxía no centro e no fogar para tarefas escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado considera que non atopa toda a información que precisa na páxina web do centro.</li> <li>- O alumnado recoñece que ten que empregar software de pago para a realización de actividades propostas polo profesorado.</li> <li>- No noso centro participo menos cando usamos a tecnoloxía.</li> <li>- No noso centro non utilizamos a tecnoloxía para traballar en grupo.</li> <li>- O alumnado sinala non ter ocasión de falar co seu profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes de utilizar a tecnoloxía para a aprendizaxe.</li> <li>- O alumnado non adica tempo á tecnoloxía fóra do centro con fins de aprendizaxe, só para o ocio e a grande maioría dispón de acceso a dispositivo propio no fogar.</li> <li>- O alumnado non ten competencia para codificar, programar, en relación ás tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O alumnado non ten competencia para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.</li> <li>- O alumnado ten poucas habilidades dixitais adquiridas nas diferentes materias.</li> <li>- O alumnado non participa da autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.</li> <li>- O alumnado non emprega dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía nin do uso de recursos dixitais.</li> </ul>
----------	--	---

<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As familias apoian o uso das tecnoloxías dixitais no centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Algunhas familias teñen dificultades no emprego das novas tecnoloxías.</li> </ul>
<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Equipo Directivo fomenta a participación en actividades formativas individuais.</li> <li>- O centro non promove a creación conxunta de coñecemento a través da organización dun Plan de Formación en centros do que forma parte.</li> <li>- O profesorado considera que o desenvolvemento profesional en liña ou a través de colaboración está ofertado no noso centro educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A metade do profesorado considera que o desenvolvemento profesional presencial e a través de redes profesionais non responde ás súas necesidades.</li> <li>- O profesorado considera que non hai unha boa orientación ou asesoramento interno, visitas de estudio ou programas acreditados no desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>- Non hai incorporación das diferentes materias de conceptos como: a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na internet, etc.</li> </ul>
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Equipo Directivo considera que o centro só emprega servizos dixitais corporativos para difundir a información do centro.</li> <li>- O Equipo Directivo promove o emprego do software libre no ámbito educativo.</li> <li>- O profesorado considera que o centro difunde a información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais educativos.</li> <li>- O equipo directivo considera que non se adapta á tecnoloxía.- No noso centro empregamos tecnoloxías dixitais ao colaborar con outras organizacións.</li> <li>- Existen estratexias de comunicación entre as diferentes etapas do centro e con outros centros da contorna e internacionais.</li> <li>- O noso centro leva unha política de protección de datos rigurosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O noso centro non conta cunha estratexia dixital definida.</li> <li>- É preciso colaborar máis con outros centros e organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Non existen espazos para compartir recursos educativos dixitais internamente.</li> </ul>

		- O centro participa en proxectos interdisciplinares.	
--	--	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- O centro recibe achegas económicas por parte da administración educativa.	- Pouca oferta educativa (por exemplo FP). Actuacións da Administración Educativa en relación ao reforzo de recursos persoais. Non axudamos ao profesorado a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación.  - O profesorado considera que as modalidades de formación organizadas pola Administración Educativa non se axustan ás necesidades formativas do profesorado.  - A resolución de incidencias é inefectiva externamente.
	LEXISLACIÓN	- A lexislación educativa é unha oportunidade para o centro educativo.  - A lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo axuda ao noso centro no seu desenvolvemento exitoso.	
	CONTORNA	- Existe unha colaboración estreita co Concello.  - Entidades externas como ALCOA ofrecen subvencións para mercar equipamento electrónico para alumnado con NEAE.	- Equipo directivo e profesorado consideran que as empresas coas que se colabora escasamente participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.  - Non existen suficientes proxectos externos.  - A oferta de actividades formativas e as condicións para a participación son escasas.  - Posible peche de empresas ubicadas na comarca o que suporía perda de alumnado e de partidas económicas.

	<p><b>ANPA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A nosa ANPA colabora en gran medida co desenvolvemento de actividades no centro.</li> <li>- A comunicación coa ANPA é continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As axudas da ANPA pode limitarse en ocasións aos seus asociados.</li> </ul>
	<p><b>OUTRAS ENTIDADES</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa é boa.</li> <li>- Colabórase con frecuencia con institucións alleas ao centro educativo, aínda que non existe un acordo unánime entre o profesorado (depende do posto de responsabilidade e nivel de esixencia persoal de cada docente).</li> </ul>	

## 3. Plan de Acción

Neste Plan Dixital 1.0 deseñamos 10 obxectivos como propostas de mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado, así como a mellora da infraestrutura, plan de comunicación e dispositivos. Temos un centro con moitos recursos dos que sacar bo partido e queremos seguir mellorando solicitando a incorporación de novos proxectos.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

## Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo



<b>"Área/s de mellora": D – Desenvolvemento Profesional continuo</b>							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Incrementar a formación do profesorado en materia dixital.					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Todo o claustro					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de formación en TIC do claustro						
<b>Valor de partida:</b>	30% fórmase permanentemente en TIC						
<b>Valor previsto e data:</b>	80% fórmase permanentemente en TIC					30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Informar ao claustro das opcións de formación dixital existentes.	Equipo TIC / Equipo directivo	30/06/2023	Correo corporativo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Participación en xornadas de innovación educativa promovidas pola Consellería, onde as TIC teñan protagonismo.	Todo o claustro	30/06/2023	Equipamento informático con acceso a internet.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Desenvolvemento dun PFPP de actualización en materia dixital e ciberseguridade no centro.	CFR de Burela Coordinador TIC	30/06/2023	Equipos informáticos Biblioteca ou sala multiusuarios.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": H – Competencias Dixitais do alumnado						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Potenciar a participación do alumnado utilizando as TIC en proxectos interdisciplinares				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Todo o claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de alumnado que emprega as TIC en proxectos interdisciplinares					
<b>Valor de partida:</b>	Arredor dun 0% do alumnado emprega as TIC en proxectos interdisciplinares					
<b>Valor previsto e data:</b>	Arredor dun 50% do alumnado emprega as TIC en proxectos interdisciplinares				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Inscripción na ferramenta eTwinning / European School Education Platform do alumnado do centro para poder comunicarse cos nenos/as dos centros colaboradores do proxecto Erasmus+</b>	Coordinador TIC, titores e mestres de inglés.	22/12/2022	Aula de informática con ordenadores suficientes para o alumnado de cada aula. Ordenadores de E-dixgal en 5º e 6º.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Apertura de foros na aula virtual que incentiven a colaboración entre alumnado no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.</b>	Todo o claustro	22/12/2022	Aula de informática con ordenadores suficientes para o alumnado de cada aula. Ordenadores de E-dixgal e 5º e 6º.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Uso da ferramenta eTwinning / European School Education Platform por parte do alumnado do centro para poder comunicarse cos nenos/as dos centros colaboradores do proxecto Erasmus+</b>	Titorías, mestres de inglés, alumnado	30/06/2023	Aula de informática con ordenadores suficientes para o alumnado de cada aula. Ordenadores de E-dixgal e 5º e 6º.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO2.4: Participar nun proxecto interdisciplinar</b>	Profesorado e alumnado	30/06/2023	Aula de informática con ordenadores suficientes para o alumnado de cada aula. Ordenadores de E-dixgal e 5º e 6º.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": F – Pedagogía: Implementación na aula</b>						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Aumentar a elaboración, utilización e compartición de materiais dixitais entre o profesorado.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Todo o claustro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de materias dixitais elaborados e empregados na aula					
<b>Valor de partida:</b>	Arredor dun 40% do profesorado usa materiais dixitais na aula. Arredor dun 20% do profesorado elabora materiais dixitais.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Un 80% do profesorado usa materiais dixitais elaborados. Un 60% do profesorado elabora materiais dixitais.			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Creación de diferentes apartados na aula virtual / páxina Ageiro para facilitar a busca de recursos.</b>	Equipo TIC	30/09/2022	Aula virtual Ageiro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.2: Elaboración de recursos propios dixitais para traballar contidos curriculares.</b>	Todo o claustro	30/06/2023	Equipamento informático con acceso a internet. Subscricións en aplicacións como Canva, Genially...		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.3: Utilización da Aula Virtual e páxina de Ageiro do centro educativo para compartir recursos entre o profesorado e apoiar as clases presenciais.</b>	Todo o claustro	30/06/2023	Equipamento informático con acceso a internet. Aula virtual. Ageiro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado</b>						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Utilizar o alumnado dispositivos dixitais do centro (ordenadores, tablets, pizarra dixital,...)				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Responsable TIC, profesorado titor/a e especialistas				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de dispositivos que se poden utilizar e se utilizan					
<b>Valor de partida:</b>	Utilízase o 20% dos dispositivos					
<b>Valor previsto e data:</b>	Utilízase o 90% dos dispositivos			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A04.1:Revisión dos dispositivos do alumnado para poder ver o estado no que se atopan</b>	Responsable TIC	22/12/2022	Dispositivos do alumnado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.2: Informar ao alumnado sobre a súa utilización e das posibilidades do Software Libre.</b>	Responsable TIC Titores/as	31/03/2023	Documento – guía Dispositivos do alumnado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A04.3: Utilización dos dispositivos</b>	Titores/ as Especialistas	30/06/2023	Dispositivos do alumnado Dispositivos da aula		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>"Área/s de mellora": G – Prácticas de Avaliación</b>						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Utilizar tecnoloxías dixitais para avaliar actividades				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de estudos, profesorado titor e especialistas				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe do profesorado que utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación.					
<b>Valor de partida:</b>	O 10% do profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación.					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 60% do profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para a avaliación.				30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Crear unha guía onde figure a metodoloxía a seguir</b>	Xefatura de estudos e coordinadores de ciclo	30/09/2022	Documento - guía		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.2: Crear na Aula Virtual do centro, tarefas e probas para poder avaliar contidos impartidos</b>	Profesorado titor e especialista	22/12/2022	Aula virtual Actividades dos mestres		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.3: Cualificar tarefas e probas usando as tecnoloxías dixitais</b>	Profesorado titor e especialista	22/12/2022	Aula virtual Resultado da avaliación		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A05.4: Utilizar autoavaliación e coavaliación despois de usar unha ferramenta tecnolóxica no proceso de ensino aprendizaxe</b>	Titor e especialistas	30/06/2023	Equipos informáticos e acceso a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

<b>A05.5: Crear momentos de reflexión sobre as TIC dende as distintas actividades realizadas no proceso de ensino-aprendizaxe</b>	Titor e especialistas	30/06/2023	Material TIC da aula e do alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": C - Infraestrutura e equipos</b>						
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Instalar software libre nos equipos				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Persoa coordinadora das TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de equipos revisados con software instalado					
<b>Valor de partida:</b>	70% de equipos revisados					
<b>Valor previsto e data:</b>	100% de equipos revisados a finais do 1º trimestre do curso 2022/23			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A06.1: Revisión dos equipos informáticos do profesorado.</b>	Persoa coordinadora das TIC	30/09/2022	Documento Equipos informáticos do profesorado		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.2: Informe da situación dos equipos</b>	Persoa coordinadora das TIC	30/09/2022	Documento		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A06.3: Inicio da instalación nos equipos do software</b>	Persoa coordinadora das TIC. Persoal externo	22/12/2022	Ordenadores Software libre		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>"Área/s de mellora": F - Pedagogía: Implementación na aula</b>						
<b>OBXECTIVO 7:</b>	Fomentar o uso das NNTT entre o alumnado con necesidades educativas especiais				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Xefatura de estudos e Equipo de Orientación				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de alumnos que utilizan as NNTT					
<b>Valor de partida:</b>	20% de alumnos con NEAE utilizan as NNTT					
<b>Valor previsto e data:</b>	80% de alumnos con NEAE utilizan as NNTT				30/06/2023	
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A07.1: Coordinar ao profesorado para o emprego de dispositivos tecnolóxicos na realización de tarefas co alumnado NEAE</b>	Xefatura de estudos Equipo de Orientación	30/06/2023	Documento Computadora		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A07.2: Diseñar actividades interdisciplinares que fomenten o emprego das NNTT</b>	Equipo de Orientación	30/09/2022	Computadora Documentos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A07.3: Practicar as actividades deseñadas co alumnado NEAE facendo uso das NNTT</b>	Equipo de Orientación	22/12/2022	Modelo creado NNTT (computadoras, tablets, pizarras interactivas, ...)		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": A - Liderado						
<b>OBXECTIVO 8:</b>	Participar en programas que melloren a competencia dixital do alumnado e profesorado				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e mentor ADIX				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	O centro participa nun novo programa relacionado co uso das TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe					
<b>Valor de partida:</b>	0 solicitudes de participación no programa Polos Creativos					
<b>Valor previsto e data:</b>	1 solicitude de participación no programa Polos Creativos			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A08.1: Comprobar a idoneidade dos programas e os posibles espazos destinados a tal fin</b>	Equipo TIC	30/06/2022	Convocatorias oficiais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.2: Cumprimentar as solicitudes en tempo e forma</b>	Equipo TIC / Equipo directivo	30/06/2022	Convocatorias oficiais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.3: Organizar os medios económicos e materias que puidese recibir o centro</b>	Equipo TIC/ Equipo directivo / Coordinadores	30/09/2022	Os conseguidos a través da convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.4: Coordinar un horario de uso do Polo Creativo entre o profesorado participante</b>	Xefatura de Estudos	28/10/2022	Horario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.5: Realizar actividades incluídas no Polo Creativo</b>	Profesorado Alumnado	30/06/2023	Produto final (Exposición / difusión)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": B - Colaboración e redes</b>						
<b>OBXECTIVO 9:</b>	Ampliar as canles de colaboración/comunicación coa ANPA e Consello Escolar utilizando medios dixitais				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de reunións/comunicacións que se realizan apoiándose nas TIC					
<b>Valor de partida:</b>	100% das reunións co Consello Escolar de xeito telemático. 0 carpetas compartidas coa ANPA para a xestión da documentación.					
<b>Valor previsto e data:</b>	100% de reunións coa ANPA e Consellos Escolares telemáticos. 10 carpetas compartidas para a xestión de documentación.				30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A09.1: Realización de tódolos Consellos Escolares e reunións coa ANPA a través de Webex</b>	Equipo directivo	30/06/2023	Espazos e plataformas dixitais		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A09.2: Creación dunha conta compartida ou páxina en Agueiro para o envío/edición de documentos</b>	Equipo directivo	30/09/2022	Aula Virtual Agueiro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

"Área/s de mellora": A - Liderado						
<b>OBXECTIVO 10:</b>	Establecer a canle telemática como modo preferente de comunicación coa comunidade educativa				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e titorías				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Aumenta o número de familias que utilizan a canle telemática para a realización de diferentes trámites					
<b>Valor de partida:</b>	O 40% das familias utilizan os medios telemáticos para solicitar documentos, titorías, consultar cualificacións, descargar documentos...					
<b>Valor previsto e data:</b>	O 80% das familias establece como modo preferente as comunicacións telemáticas				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A010.1:</b> Dotar á páxina web de toda a información e documentos para unha maior autonomía das familias así como enlaces para a descarga das apps AbalarMóbil e AbalarPro	Secretario	30/09/2022	Páxina web Documentación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A010.2:</b> Formar ás familias no emprego da app AbalarMóbil.	Titorías	28/10/2022	Móbil Reunión coas familias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A010.3:</b> As cualificacións deberán consultarse a través da aplicación AbalarMóbil, excepto se o solicitan doutro xeito	Titorías	30/06/2023	AbalarMóbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A010.4: Creación de novas contas de correo electrónico para a solicitude e envío de diferentes documentos	Secretario	30/06/2023	Contas de correo corporativo novas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A pesares da boa infraestructura do noso centro, é preciso facer melloras na rede: cambiar o Switch do Edificio 2 a un Gigabit, xa que na actualidade hai unha limitación a 100mbps cando o ancho de banda da rede é de 1Gbps. É necesaria a extensión da rede de datos corporativa en zonas como os despachos de Dirección e Secretaría, xa que a cobertura é mínima. Tamén deberían ser renovados todos os equipos da Aula de Informática e moitos ordenadores do profesorado (aulas e sala de profesorado).

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

No contexto da **avaliación procesual**, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao trimestre, facendo xuntanzas do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e levantando actas de ditas reunións, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Analizarase se os obxectivos e as accións do Plan Dixital se están a acadar ou non.

No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 4.2. Propostas de mellora (revisión)

O Plan Dixital será revisado anualmente e incorporado á Programación Xeral Anual e ao Proxecto Educativo de Centro. As propostas de mellora serán recollidas polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital e incorporadas aos Plans de Acción.

## 5. Difusión do plan

Realizaranse publicacións ao remate de cada Plan de Acción na páxina web do centro, explicando a consecución, ou non consecución do mesmo.

Redactaranse enquisas a cubrir por parte do profesorado ao remate de cada Plan de Acción, cunha pequena reflexión sobre a posibilidade de avanzar máis nesa área cun novo Plan de Acción.

Redactaranse enquisas para as familias para que valoren os Plans de Acción que lles afectan directamente. Publicaranse os resultados destas enquisas na páxina web do centro.